

## CONVOCATORIA MEDIOS

- Día:** 4 de novembro de 2005
- Hora:** 17:00 h.
- Lugar:** Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)  
Avda. de Vigo, s/n  
15705 Santiago de Compostela
- Evento:** **Presentación a medios de ARTEPERU. Proxecto de Cooperación co Perú financiado pola Xunta de Galicia. Destinado a Produtores Lácteos do País Andino**

A Aula de Produtos Lácteos da USC, o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e a Universidad Nacional Agraria La Molina (Perú) están a participar nun proxecto que financia a Dirección Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia, e que ten como obxectivo mellorar a rendibilidade e as condicións de fabricación dos produtos lácteos nalgunhas das áreas máis pobres de Perú mediante a aplicación das novas tecnoloxías da información e das comunicacións.

Co obxectivo de dar a coñecer este proxecto, o día 4 de novembro celebrarase unha rolda de prensa na que participarán o director xerente do CESGA, Javier García Tobío, o coordinador da Aula de Produtos Lácteos, Juan Méndez Dónega e a coordinadora de Arteperú na Universidad Nacional Agraria de La Molina, Fanny Ludeña, que intervirá no acto mediante videoconferencia.

Esta rolda de prensa terá lugar ás 17:00 horas nas dependencias del CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) sitas en Avda. de Vigo, s/n – Campus Sur – Santiago de Compostela.

Máis información: <http://arteperu.cesga.es/index.htm>